



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Didáctica da expresión corporal	Código	652G01020	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Varela Garrote, Lara	Correo electrónico	lara.varela@udc.es	
Profesorado	Gonçalves López, María Paz Varela Garrote, Lara	Correo electrónico	paz.goncalves@udc.es lara.varela@udc.es	
Web	www.educacion.udc.es/?pagina=table&id_titulacion=10&grupo=A			
Descrición xeral	<p>A materia ?Didáctica da Expresión Corporal? forma parte dos estudos de Grao en Educación Infantil. Trátase dunha materia obrigatoria de 6 créditos, o que representa 150 horas de traballo do estudantado.</p> <p>A presenza da motricidade no currículo oficial entre os 0 a 6 anos é relevante. Pero o seu interese pódese comprobar mellor observando como a infancia emprega o corpo e se desenvolve a través do xogo e o movemento de forma espontánea para coñecer o mundo que lle rodea e adaptarse a el.</p> <p>O xogo e a motricidade van ser os principais canles a través dos cales a infancia en idade infantil pode adaptarse ao mundo que lle rodea. Con eles vai experimentar, coñecer e coñecerse, observar e observarse, aprender, entusiasmarse...autoeducarse. Por iso é polo que estes contidos -xogo e movemento-, van ser os eixos principais da materia e xunto coas rutinas de sono e alimentación o eixo da súa propia vida.</p> <p>Aínda que a infancia vai experimentar a motricidade de forma global, o estudantado da materia analizará a través de diversas temáticas e tendo como referencia o currículo desta etapa, os compoñentes principais da motricidade nestas idades: as capacidades perceptivo-motoras, as habilidades motrices, as capacidades expresivas e o xogo como contido articulador de todos os demais. A parte de coñecer estes aspectos teóricos e o seu desenvolvemento, o alumnado vains aplicar en propostas de carácter práctico.</p> <p>Outro aspecto de interese que se verá na materia é a importancia do asentamento de hábitos saudables nestas idades. Nos últimos tempos o índice de obesidade infantil viuse incrementado de forma considerable e faise necesaria unha formación de base para que nas Escolas Infantís se colabore para frear o seu acelerado crecemento.</p> <p>Os coñecementos achegados pola materia de Didáctica da Expresión Corporal pretenden estudar, explorar, descubrir e vivenciar todas aquelas manifestacións motrices dentro dunha formulación global, para dotar á futura Graduada ou Graduado en Educación Infantil non só de coñecementos e vivencias, senón tamén de estratexias e formas de ensinar teórico-prácticas.</p>			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos: Non se realizarán cambios.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen: ? Análise de fontes documentais. ? Sesión maxistral. ? Presentación oral. ? Traballos tutelados. ? Probas de resposta breve. ? Discusión dirixida.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican: "Práctica de actividade física", "actividades iniciais" e "saídas de campo" (non se realizarán e o desenvolvemento das competencias ligadas a estas metodoloxías se incorpora ás metodoloxías "Análise de fontes documentais", "Sesión maxistral?", "Presentación oral?", "Traballos tutelados?", "Probas de resposta breve?" e "Discusión dirixida").</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado: Mantense a dedicación prevista para a atención personalizada, que se realizará a través das seguintes canles, tendo o alumno a posibilidade de seleccionar cales deles quere empregar, en función das súas necesidades e posibilidades de comunicación: titorías en directo a través da área de traballo ?Teams? da UDC, mediante videoconferencia, conexión de audio ou chat; a través do correo electrónico institucional; a través dos chats e foros dispoñibles en Moodle.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Non se realizarán cambios.</p> <p>*Observacións de avaliación: Non se realizarán cambios.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se realizarán cambios, porque a posibilidade de ampliar a bibliografía está sinalado na guía orixinal.</p>
-----------------------------	--

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer os fundamentos da motricidade presentes no currículo desta etapa.		A4	C1
		A53	C8
		B1	
		B9	
		B10	
		B17	



Aplicar os fundamentos motrices presentes no currículo desta etapa a través do deseño, xustificación, aplicación e avaliación de propostas didácticas que fomenten o desenvolvemento de habilidades motrices, capacidades perceptivo-motrices e/ou expresivas.	A4 A53 A54 A55 A56	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B9 B10 B11 B12 B22 B23	C1 C3 C5 C8
Saber empregar o xogo como recurso didáctico, así como deseñar actividades de aprendizaxe baseadas en principios lúdicos.	A5 A53 A54 A55 A56	B1 B3 B4 B5 B11 B15 B19	C1 C5 C6
Valorar críticamente a presenza do xogo motor, a súa importancia e repercusións no contexto da Educación Infantil.	A55	B1 B3 B6 B9 B17	C1
Coñecer o desenvolvemento motor das nenas e nenos de 0 a 6 anos.	A1 A53 A56	B1 B3 B5 B11 B19	C1 C3 C8
Experimentar intervencións prácticas analizando críticamente a súa aplicación á Educación Infantil.	A1 A53 A54 A55	B1 B3 B10 B15 B18	
Coñecer aspectos teóricos sobre os hábitos saudables e valorar críticamente a posibilidade de xeralos desde as Escolas Infantís.	A1 A4 A5 A15 A53	B1 B3 B6 B9 B10 B17	C1 C4 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1. Fundamentos da motricidade no currículo de Educación Infantil e a súa didáctica.	<ul style="list-style-type: none"> - Introducción á motricidade e a súa relación co currículo. - Programación e propostas didácticas. - Metodoloxía. - Materiais e recursos. - Avaliación.



TEMA 2. O xogo na motricidade infantil.	<ul style="list-style-type: none">- O xogo motor: conceptualización.- Importancia do xogo motor na infancia.- O xogo como recurso metodolóxico na educación infantil.- O xogo como elemento integrador dos elementos do currículo.
TEMA 3. Estudo e análise das capacidades perceptivo motrices.	<p>O concepto de esquema corporal e os seus compoñentes básicos: actividade tónica postural equilibradora, coordinación (dinámica xeral, óculo-manual, óculo- pédica), control respiratorio, lateralidade, organización perceptiva, espacial e temporal e estruturación espazo temporal.</p> <ul style="list-style-type: none">- Os sentidos e as capacidades senso- perceptivas.
TEMA 4. As habilidades motrices básicas na infancia e a súa evolución de 0 a 6 anos.	<ul style="list-style-type: none">- Conceptualización.- Padróns motores básicos.- Desprazamentos.- Saltos.- Manipulacións.- Xiros.
TEMA 5. A expresión corporal na educación infantil.	<ul style="list-style-type: none">- Conceptualización.- Expresión corporal e currículo: xogo simbólico, xogos de expresión corporal, dramatizacións, danzas e cancións.
TEMA 6. Hábitos saudables na educación infantil.	<ul style="list-style-type: none">- Estilo de vida saudable na infancia.- Hábitos saudables na educación infantil: factor preventivo da obesidade.

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba de resposta breve	A1 A4 A5 A15 A53 A55 B2 B3 B9 B10 B15 B19 C1	5	15	20
Actividades iniciais	B1 B6 B10 B19 C1 C4 C7	1	1	2
Análise de fontes documentais	A1 A4 A15 A53 A54 A55 A56 B1 B3 B4 B5 B9 B10 B11 B12 C3 C6 C8	3	15	18
Presentación oral	B1 B6 B10 B17 B19 B23 C1	3	9	12
Sesión maxistral	A1 A4 A15 A53 B3 B15 C7 C8	8	8	16
Traballos tutelados	A1 A4 A5 A53 A54 A55 A56 B1 B3 B4 B5 B9 B10 B11 B12 B15 B22 C3 C5 C6 C8	7	21	28
Práctica de actividade física	A1 A4 A54 A55 A56 B1 B3 B4 B5 B9 B12 B15 B18	12	36	48
Saídas de campo	A1 A4 B1 B3 B6 B9 B10 B19 C5 C7	2	0	2



Discusión dirixida	A1 A4 A15 B3 B6 B17 B19 B23 C1	1	0	1
Atención personalizada		3	0	3
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba de resposta breve	Ao longo do curso íranse presentando aos alumnos diversas probas ou traballos breves para comprobar o seguimento dos contidos da materia, xa sexa na aula, a través de moodle ou doutras aplicacións online. Algunhas das probas realizaranse individualmente e outras en pequenos grupos.
Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes do comezo de calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren acadar vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita artellar a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos do alumnado.
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón o emprego de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos.
Presentación oral	Presentación por parte do alumnado do proxecto ou traballo realizado e previamente aprobado polo profesorado e elixido entre este e o alumnado.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar as aprendizaxes.
Traballos tutelados	Realízase un traballo de carácter global e teórico - práctico con orientación á hora de psicomotricidade ou ao traballo da motricidade na titoría. Consiste no deseño e posta en práctica dunha proposta para Educación Infantil (a escoller entre 0 e 6 anos) baseada nunha metodoloxía global coa presenza de contidos lúdicos e motrices cunha temática para a suposta aplicación ou exposición.
Práctica de actividade física	Metodoloxía baseada na posta en práctica de sesións de actividade física para que o alumnado poida impartilas (función docente), vivencialas (análise da pertinencia dos contidos) ou observalas (procesos de avaliación e control). Trátase dunha metodoloxía fundamentalmente práctica, pero cunha intención de reflexión e aplicación dos aspectos teóricos relacionados.
Saídas de campo	Actividades desenvolvidas nun contexto externo ao contorno académico universitario (empresas, institucións, organismos, monumentos, etc.) relacionadas co ámbito de estudo da materia. Estas actividades céntranse no desenvolvemento de capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, a recollida de información, o desenvolvemento de produtos (bosquexos, deseños, etc.), etc.
Discusión dirixida	Técnica de dinámica de grupos na que os membros do grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, estando coordinados por un moderador ou moderadora.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Proba de resposta breve Traballos tutelados	<p>Para levar a cabo o traballo tutelado, o alumnado debe realizar as titorías que sexan necesarias en grupos pequenos para revisar o mesmo. As docentes poden facer suxerencias ou solicitar modificacións para achegar á entrega final.</p> <p>Para algunhas das probas de resposta breve, haberá consellos e seguimento das profesoras da materia.</p> <p>Brindarase atención personalizada a través das seguintes canles, co alumnado dependendo das necesidades do momento e as posibilidades de comunicación: titorías a través da área de traballo "Teams" da UDC, a través de videoconferencia, conexión de audio ou chat; a través do correo electrónico institucional; a través de chats e foros dispoñibles en Moodle.</p> <p>Nesta materia non se admite dispensa académica de exención de asistencia salvo no caso do alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial segundo establece a "NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN Ao ESTUDO DOS ESTUDANTES DE GRAO NA UDC" - Aprobada polo Consello Social do 04/05/2017-. Para aquelas actividades que non poida realizar por non asistir a clase, deberá acudir ás revisións das mesmas co profesorado para poder desenvolverlas.</p>
--	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba de resposta breve	A1 A4 A5 A15 A53 A55 B2 B3 B9 B10 B15 B19 C1	Ao longo do curso irase expondo ao alumnado diversas probas e/ou traballos curtos para comprobar o seguimento dos contidos da materia. As probas poderanse facer individualmente ou en pequenos grupos. O resultado deste apartado da avaliación é a media das cualificacións obtidas nas probas realizadas durante o curso.	50
Traballos tutelados	A1 A4 A5 A53 A54 A55 A56 B1 B3 B4 B5 B9 B10 B11 B12 B15 B22 C3 C5 C6 C8	Realizarase un traballo de aplicación dos contidos desenvolvidos na clase. O traballo poderase realizar individualmente ou en grupo. O profesorado da materia especificará os requisitos formais de presentación dos traballos, tanto na súa parte escrita como na oral. O cumprimento dos devanditos requisitos é imprescindible para que os traballos sexan aceptados.	50

Observacións avaliación



Primeira oportunidade: para acceder á avaliación descrita anteriormente, a asistencia ao 80% das sesións será obrigatoria. Non só será suficiente a asistencia, senón que tamén se computará a participación activa do alumnado. É necesario superar unha puntuación mínima nos distintos apartados da avaliación para que medien entre eles.

Segunda oportunidade: o estudiantado que asistiu a o 80% ou máis das sesións na primeira oportunidade manterá as cualificacións que acadaron a puntuación mínima indicada polas docentes. Deberán repetir as partes da avaliación que non alcanzaron ese mínimo.

O alumnado que non asiste ao 80% das horas de clase na primeira oportunidade, ten á súa disposición un modelo alternativo de avaliación, que será o mesmo para ambas oportunidades: haberá unha proba (100%), na data marcada oficialmente pola Universidade da Coruña e na que se debe demostrar o dominio dos contidos teórico-prácticos da materia. Será necesario aprobar as dúas partes, a teoría e a práctica, para superar a materia e para facer media entre elas.

En ambas oportunidades e modelos avaliativos a realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara a convocatoria extraordinaria.

Nesta materia, non se admite a exención académica da exención de asistencia, salvo nos casos previstos no apartado "Atención personalizada".

As metodoloxías de "Práctica de actividade física", "Actividades iniciais" e "Saídas de campo" están suxeitas á posibilidade de garantir as medidas de seguridade dos participantes. Aínda no caso de non aplicarse o plan de continxencia, se non se dan as condicións de seguridade adecuadas, estas metodoloxías poderán substituírse por sesións de aula ou mesmo virtuais (o desenvolvemento das competencias ligadas a estas metodoloxías incorporáranse ás metodoloxías "Sesión maxistral", "Presentación oral", "Traballos tutelados", "Probas de resposta breve", "Análisis de fontes documentais" e "Discusión dirixida").

Fontes de información



Bibliografía básica

Abad, J. (2009). Iniciativas de educación artística a través del Arte Contemporáneo para la Escuela Infantil. [Tesis] Abad, J; Arnáiz, V. y Ruíz de Velasco (2011). El juego simbólico. Graó: Barcelona. Abad, J y Ruíz de Velasco, A. (2019). El lugar del símbolo.El imaginario infantil en las instalaciones de juego. Graó: Barcelona. Abelleira, A. y Abelleira, I. (2017). Os fíos de infantil.Vigo: Galaxia. Abelleira, A. y Abelleira, I. (2020). El latido de un aula de infantil. Elogio de la cotidianidad. Barcelona: Octaedro. Aucouturier, B. (2004). ¿Por qué los niños y las niñas se mueven tanto? lugar de acción en el desarrollo psicomotor y la maduración psicológica de la infancia. Barcelona: Graó. Aucouturier, B. (2012). L'enfant terrible ¿Qué hacer con el niño difícil en la escuela?. Barcelona: Graó. Aucouturier, B. (2018). Actuar, jugar, pensar. Puntos de apoyo para la practica psicomotriz educativa y terapéutica. Barcelona: Graó. A.E.M.E.I.(2001). Juegos para el desarrollo de las habilidades motrices en Educación Infantil. Málaga: Aljibe. Antúnez, M. (2009). La educación física en el proceso educativo y la psicomotricidad en educación infantil. Almería: Tutorial Formación, S.L. Angel, M.A, y Sugrañes, E. (2007). La educación psicomotriz (3-8 años). Barcelona: Graó. Arnaiz, P. y Bolarín, M^aJ. (2016). Introducción a la psicomotricidad. Madrid: Síntesis. Aznar, P. (2009). La educación física en la educación infantil de 3 a 6 años. Barcelona: Inde. Ballesteros, M. (2009). Los juegos populares en infantil y primaria: análisis y aplicación práctica. Almería: Procompal Berruezo, P. P. (2009). Jugar por jugar. El juego en el desarrollo psicomotor y en aprendizaje infantil. Sevilla: Mad. Blández, J. (2002). Programación de unidades didácticas según ambientes de aprendizaje. Barcelona: Inde. Blázquez, D. (2008). Enseñar por competencias en Educación Física. Barcelona: Inde. Burgos, V. (2009). El desarrollo psicomotor en educación infantil (recurso electrónico). Málaga: Ediped. Bruchner, P (2017). Bosque escuela. Guía para la educación infantil al aire libre. Valencia: Ediciones Rodeno. Caillois, R. (1958). Teoría de los juegos. Seix Barral: Barcelona. Carrasco, I. y Criado, D. (2001). 66 fichas de psicomotricidad. Sevilla: Wanceulen. Carreño, C., Blandino, D. y Marchante, J. M. (2003a). Batería Didáctica del juego: volumen I . Almería: Procompal. Carreño, C., Blandino, D. y Marchante, J. M. (2003b). Batería Didáctica del juego: volumen II . Almería: Procompal. Carson, R. (2012). El sentido del asombro. Madrid: Encuentro. Conde, J. L. (1994). Los cuentos motores. Paidotribo: Barcelona. Conde, J. L., Martín, C. y Viciano, V. (1997). Las canciones motrices. Barcelona: Inde. Conde, J.L. y Viciano, V. (1997). Fundamentos para el desarrollo de la motricidad en edades tempranas. Málaga: Aljibe. Conde, J. L. (2001). Juegos para el desarrollo de las habilidades motrices en Educación Infantil. Málaga: Aljibe. Cornell, J. (2018). Compartir la naturaleza. Juegos y actividades para reconectar con la naturaleza. Sevilla: Ediciones La Travesía. Da Fonseca, V. (1998). Manual de observación psicomotriz. Barcelona: Inde. Da Fonseca, V. (2001). Psicomotricidade: perspectivas multidisciplinares. Lisboa: Áncora. David, M. y Apple, G. (2012). Lóczy, una insólita atención personal. Barcelona: Octaedro. Desrosiers, P. y Tousignant, M. (2005). Psicomotricidad en el aula. Barcelona: Inde. Díez Navarro, M.C (1998). Proyectando otra escuela. Madrid : Ediciones de la Torre. Díez Navarro, M.C (1999). Un diario de clase no del todo pedagógico. Madrid : Asociación de Maestros Rosa Sensat. Díez Navarro, M.C (2002). El piso de abajo de la escuela. Barcelona: Graó. Díez Navarro, M.C. (2007). Mi escuela sabe a naranja. Barcelona: Graó. Díez Navarro, M.C. (2010). La oreja verde de la escuela. Madrid: Ediciones de la Torre. Díez Navarro, M.C. (2011). Los Pendientes de la maestra : o cómo piensa una maestra en los niños, las escuelas, las familias y la sociedad. Barcelona : Editorial Graó. Díez Navarro, M.C. (2013). 10 ideas clave de la educación infantil. Barcelona: Graó. Díez Navarro, M.C. (2016). Arte en la escuela infantil : apuntes sobre la creación y la libertad. Barcelona: Graó. Díez Navarro, M.C. (2016). El oficio del arte, soñar con el lápiz en la mano: experiencias y reflexiones en torno al abordaje del arte en la escuela infantil. Barcelona: Graó. Edna (2020). Guía de escuelas en la Naturaleza. Sevilla: La Travesía. Escribá, A. (1999). Psicomotricidad fundamentos teóricos aplicables en la práctica. Madrid: Gymnos. Falk, J. y Tardos, A (2000). Movimientos libres. Actividades autónomas. Barcelona: Octaedro. Rosa Sensat. Fodor, E., Morán, M. y Molerés, A. (2009). Todo un mundo de sorpresas. Educar jugando. El niño de 2 a 5 años. Madrid: Pirámide. Fraguera, R., Palacios, J. y Varela, L. (1996). Xogos cooperativos e actividades infantís: educar na cooperación no ámbito escolar. Santiago: Lea. Freire, H. (2011). Educar en verde: ideas para acercar niños y niñas a la naturaleza. Barcelona: Graó. Freire, H. (2020). Patios vivos para naturalizar la escuela. Barcelona: Octaedro. Frías, C. (2005). Guía para estimular el desarrollo infantil complemento didáctico de estimulación. Sevilla: MAD. Frías, C. (2005). Guía para estimular el desarrollo infantil de los 3 a los 6 años de edad. Sevilla: MAD. Frías, C. (2005). Guía para estimular el desarrollo infantil de los 45 días al primer año. Sevilla: MAD. Frías, C. (2005). Guía para estimular el desarrollo infantil del primero a los tres años de edad. Sevilla: MAD. Fusté, S. y Bonastre, M. (2007). Psicomotricidad y vida cotidiana (0-3 años). Barcelona: Graó. García, M. J. (2007). Propuesta didáctica para la Educación Infantil. Almería: Procompal García, A. (2016). Otra educación es posible. Albuixech:



Litera. Gallahue, M. C. (1985). *Movimientos fundamentales*. Buenos Aires: Panamericana. Garbajosa, O. (2009). *El desarrollo psicomotor en los niños y niñas de educación infantil: propuesta práctica para el conocimiento del cuerpo, sus posibilidades y limitaciones* (recurso electrónico). Málaga: Ediped. Gavin, M. L., Dowshen, S. A., e Izenberg, N. (2005). *Niños en forma. Guía práctica para evitar el sobrepeso infantil*. Madrid: Pearson. Gil, P. (2004). *Metodología de la Educación Física en Educación Infantil*. Sevilla: Wanceulen. Gil, P. (2005a). *Unidades didácticas de educación física para educación infantil 0-3 años: propuestas y concrecciones prácticas en realidades de aprendizaje y espacios de acción*. Sevilla: Wanceulen. Gil, P. (2005b). *Unidades didácticas de educación física para Educación Infantil, 3-6 años*. Sevilla: Wanceulen. Giménez, M. D. (2009). *Bebés, un mundo de sensaciones. Guía práctica para el primer ciclo de Educación Infantil* (recurso electrónico). Almería: Procompal. Goldschmied, E. y Jackson, S. (2007). *La educación infantil de 0 a 3 años*. Madrid: Morata. Gómez, C. (2021). *Pensando en la infancia*. Málaga: UMA Editorial. González Piñero, R. y Mendoza Peña, F. (2007a). *Cuentos motores. Aplicación didáctica en la EF, 2º ciclo de Primaria*. Almería: Procompal. González Piñero, R. y Mendoza Peña, F. (2007b). *Cuentos motores. Aplicación didáctica en la EF, 1º ciclo de Primaria*. Almería: Procompal. González Piñero, R., y Mendoza Peña, F. (2007a). *Cuentos motores. Aplicación didáctica en la EF, 1º ciclo de Primaria*. Almería: Procompal. González Piñero, R., y Mendoza Peña, F. (2007b). *Cuentos motores. Aplicación didáctica en la EF, 2º ciclo de Primaria*. Almería: Procompal. Gray, P. (2016). *Aprender en libertad*. Santa Cruz de Tenerife: Esto no es una escuela. Hueso, K (2017). *Somos naturaleza*. Barcelona: Plataforma Editorial. Hueso, K (2019). *Jugar al aire libre*. Barcelona: Plataforma Editorial. Hueso, K. (2021). *Educación en la naturaleza*. Barcelona: Plataforma Editorial. Huizinga, J. (1972). *Homo ludens*. Madrid: Alianza editorial. Justo, E. (2000). *Desarrollo psicomotor en educación infantil, bases para la intervención en psicomotricidad*. Almería: Universidad de Almería. Kálló, E. y Balog, G. (2018). *Los orígenes del juego libre*. Hungría: Realpress. Koch, J. (2009). *Superbebé. Desarrollo total del niño*. Madrid: Martínez Roca. Laguía, M. J. y Vidal, C. (2011). *Rincones de actividad en la escuela infantil (0 a 6 años)*. Barcelona: Graó. Lapierre, A. (1977). *Educación Psicomotriz en la escuela maternal*. Barcelona: Editorial Científico Médica. Lapierre, A. y Acouturier, B. (1977). *Simbología del Movimiento, Psicomotricidad y Educación*. Barcelona: Editorial Científico Médica. Latorre Román, P. A., y López Sánchez, J. M. (2010). *Desarrollo de la motricidad en educación infantil. Consideraciones curriculares, científicas y didácticas*. Granada: Grupo Editorial Universitario. Lleixa, T. (1995). *Juegos sensoriales y de conocimiento corporal*. Barcelona: Paidotribo. López, S. (2018). *Esencia. Diseño de espacios educativos. Aprendizaje y creatividad*. Zaragoza: Khaf. López, V. (2004). *La educación física en educación infantil: una propuesta y algunas experiencias*. Madrid: Miño y Dávila. Louv, R. (2018). *Los últimos niños en el bosque*. Madrid: Capitán Swing. Louv, R. (2019). *Vitamina N*. Pontevedra: Factoría. Luria, A. R. (1985). *Sensación y Percepción*. Barcelona: Editorial Martínez Roca. Lleixa, T. (1995). *Juegos sensoriales y de conocimiento corporal*. Barcelona: Paidotribo. Malaguzzi, L. (2017). *La educación infantil en Reggio Emilia*. Barcelona: Octaedro. Martín Domínguez, D. (2008). *Psicomotricidad e intervención educativa*. Madrid: Pirámide. Mendiara, J. y Gil, P. (2003). *Psicomotricidad. Evolución, corrientes y tendencias actuales*. Sevilla: Wanceulen. Mesías, J. M.ª (2019). *Educación artística sensible: cartografía contemporánea para arteeducadores*. Graó: Barcelona. Miraflores, E. (2007). *La Educación Física en la etapa infantil. Circuitos prácticos para el desarrollo psicomotor*. Madrid: CCS. Miranda, V., Maya, M. J. y Morales, M. A. (2009). *Los componentes básicos del desarrollo psicomotor en educación infantil* (recurso electrónico). Almería: Ediciones Corintia. Montessori, M. (2003). *El método de la pedagogía científica aplicado a la educación de la infancia*. Madrid: Biblioteca Nueva. Muñoz Sandoval, A. (2009). *El desarrollo de las competencias básicas en Educación Infantil. Propuestas y ejemplificaciones didácticas*. Sevilla: Mad. Oña, A. (2005). *Actividad física y desarrollo. Ejercicio físico desde el nacimiento*. Sevilla: Wanceulen. Pikler, E. (1984). *Moverse en libertad: desarrollo de la motricidad global*. Madrid: Narcea. Ponce de León, A. (2010). *Motricidad en educación infantil: propuestas prácticas para el aula*. Madrid: C.C.S. Ramírez Carmona, I. (2009a). *99 juegos de expresión corporal y musical (3 años)*. Sevilla: Wanceulen. Ramírez Carmona, I. (2009b). *99 juegos de expresión corporal y musical (5 años)*. Sevilla: Wanceulen. Ramírez Carmona, I. (2009c). *99 juegos de expresión corporal y musical para niños de 4 años*. Sevilla: Wanceulen. Rigal, R. (2006). *Educación motriz y educación psicomotriz en Preescolar y Primaria* (recurso electrónico). Barcelona: Inde. Rota, J. (2014). *La intervención psicomotriz*. Barcelona: Octaedro. Ruiz, L. M. (1987). *Desarrollo motor y actividades físicas*. Madrid: Gymnos. Ruíz de Velasco, A., y Abad, J. (2011). *El juego simbólico*. Barcelona: Graó. Ruíz, M. A. (2007). *El gran libro de la nutrición infantil*. Barcelona: Oniro. Ruiz Juan, F., García López, A., Gómez López, M. y Casado Rodríguez, C. (2002). *Motricidad y recreación en Educación Infantil*. Almería: Universidad de Almería. Ruiz Juan, F.



(2008). Los juegos en la motricidad infantil de los 3 a los 6 años. Barcelona: Inde. Sánchez, J. y Llorca, M. (2008). Recursos y estrategias en psicomotricidad. Málaga: Aljibe. Schoeberlein, D. y Sheth, S. (2012). Mindfulness para enseñar y aprender: estrategias prácticas para maestros y educadores. Madrid : Gaia. Sheridan, M. D. (2011). Play in early childhood. From birth to six years. New York: Routledge. Silberg, J. (1999). Juegos para hacer pensar a los bebés. Barcelona: Oniro. Silberg, J. (2006). Juegos para aprender y estimular los sentidos. Barcelona: Oniro. Silberg, J. (2010). Juegos para desarrollar la inteligencia del bebé. Barcelona: Oniro. Silberg, J. (2011). Juegos para hacer pensar a los niños de 1 a 3 años. Barcelona: Oniro. Silva (2021). La escuela a cielo abierto. La Travesía: Sevilla. Singer, L. (2019). Espacios, territorios y entornos de aprendizaje. Múltiples lenguajes para las infancias. Instalaciones y dispositivos lúdicos. Argentina: Noveduc. Snel, E. (2015). Tranquilos y atentos como una rana. Tu guía práctica de la serenidad. Barcelona: Kairós. Stern, A. (2013). Yonunca fui a la escuela. Litera: Albuixech. Stern, A. (2017). Jugar. Litera: Albuixech. Stern, A. (2021). Entusiasmo. Albuixech: Litera. Sugrañes, E., y Ángel, M. A. (2007). La educación psicomotriz (3-8 años). Barcelona: Graó. Tardós, A. (2014). El adulto y el juego del niño. Barcelona: Octaedro. Torres Luque, G. (2015). Enseñanza y aprendizaje de la Educación Física en Educación Infantil. Jaén: Paraninfo. Tousignant, M. (2005). Psicomotricidad en el aula. Barcelona: Inde. Ureña, N. (2010). Didáctica de la educación física en la educación infantil. Murcia: Diego Marin Editor. Vaca, M. y Varela, M. S. (2008). Motricidad y aprendizaje. El tratamiento pedagógico del ámbito corporal (3-6). Barcelona: Graó. Vela, P. y Herrán, M. (2019). Piezas Sueltas. Litera: Albuixech. Vila, B. y Cardo, C. (2005). Material sensorial (0-3 años). Barcelona: Graó. V.V.A.A. (1992). La educación infantil de 0-6 años. Barcelona: Paidotribo. V.V.A.A. (1998). La Educación Infantil (3 tomos). Barcelona: Paidotribo. V.V.A.A. (2008). El juego como estrategia didáctica. Barcelona: Graó. V.V.A.A. (2009). Actividades para educación infantil 3, 4, 5 y 6 años. Sevilla: Wanceulen. V.V.A.A. (2010). 101 juegos de imagen y percepción corporal (3-6 años). Sevilla: Wanceulen. Walsh, P (2016). Early childhood playgrounds. Planning an outside learning environment. New York: Routledge. Wickstrom, R. (1990). Patrones motores básicos. Madrid: Alianza deporte. Willis, A., y Ricciuti, H. (2000). Orientaciones para la escuela infantil de cero a dos años. Madrid: Morata. Zukunft-Huber, B. (2001). Gimnasia para bebés. Barcelona. REVISTAS DE INTERÉS: REVISTA AULA DE INFANTIL (<https://www.grao.com/es/aula-infantil>) REVISTA IN-FAN-CIA (http://kmelot.biblioteca.udc.es/search*spl/i=1130-6084) NOTA: esta bibliografía puede ampliarse durante el transcurso de la materia.



Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Psicoloxía do desenvolvemento de 0 a 6 anos/652G01004

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Xogos motores/652G01030

Educación psicomotriz e habilidades motrices/652G01039

Observacións

As metodoloxías de "Práctica de actividade física", "Actividades iniciais" e "Saídas de campo" están suxeitas á posibilidade de garantir as medidas de seguridade dos participantes. Aínda no caso de non aplicarse o plan de continxencia, se non se dan as condicións de seguridade adecuadas, estas metodoloxías poderán substituírse por sesións de aula ou mesmo virtuais (o desenvolvemento das competencias ligadas a estas metodoloxías incorporáranse ás metodoloxías "Sesión maxistral", "Presentación oral", "Traballos tutelados", "Probas de resposta breve", "Análisis de fontes documentais" e "Discusión dirixida").

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías